

NOTA DE PRENSA
**Exposición inaugural do Espacio Anexo do MARCO
"ÁNGELA DE LA CRUZ"**

DATAS:	24 de setembro - 5 de decembro 2004
LUGAR:	Espacio Anexo (praza peonil posterior)
HORARIO:	martes a domingo (festivos incluídos), de 11.00 a 21.00 <u>ENTRADA GRATUÍTA</u>
DIRECCIÓN SALA PROXECTOS:	Carlota Álvarez Basso e Iñaki Martínez Antelo
COMISARIA:	Carlota Álvarez Basso
DIRECCIÓN MONTAXE:	Paul Edward Guy e Colin Guillemet
PRODUCCIÓN:	MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
COLABORAN:	MIR-Jaurena S.A.; London Institute Chelsea College of Art; London University of the Arts; IFEVI, Instituto Feiral de Vigo

O ESPACIO ANEXO:

Denominamos Espacio Anexo a unha estrutura arquitectónica exenta do edificio principal do MARCO, sita na súa praza peonil posterior, e composta por dúas salas cunha superficie total de 100m² e uns aseos. Coa apertura ao público deste espacio inaugúrase tamén unha nova liña de programación do museo, que responde á necesidade de apoiar a produción de exposicións de novos artistas galegos, facilitando a creación de obras que en moitas ocasións non se poderían levar a cabo sen a axuda dunha institución. Por outra banda, procúrase tamén a promoción e difusión da obra destes artistas a través da publicación dun catálogo monográfico que sirva para dar a coñecer o seu traballo alén das nosas fronteiras. O acceso ás exposicións do Espacio Anexo é gratuito.

A EXPOSICIÓN INAUGURAL: "Ángela de la Cruz"

O primeiro proxecto do Espacio Anexo consiste en dúas obras "in situ" realizadas pola artista Ángela de la Cruz. Trátase da primeira exposición individual en España dunha artista, galega de nacemento, da que a obra é moito máis coñecida no ámbito internacional.

Tanto *Larger than Life* (Máis grande ca vida) como *Stuck* (Incrustado) son pinturas-esculturas realizadas a medida para as dúas salas do Espacio Anexo, que xogan co sentido do espacio e dos seus límites en sentido real e figurado. Unha invade literalmente a sala principal impedindo o acceso do espectador a este espacio, mentres a outra, ao incrustarse na entrada do corredor de acceso á segunda sala, bloquea o paso á mesma.

CATÁLOGO:

Con motivo desta inauguración, o MARCO edita un catálogo como inicio dunha liña de publicacións: a colección "Espacio Anexo", que recollerá as exposicións desta nova sala de proxectos. O catálogo desta mostra, publicado en galego, castelán e inglés, conterá un texto de Katya García-Antón, directora do Centro de Arte Contemporánea de Xenebra, unha entrevista con Ángela de la Cruz con motivo da posta en marcha deste proxecto no MARCO, e notas biográficas da artista, ademais de fotografías do proceso de produción e do resultado final da obra unha vez rematada a montaxe. Debido á necesidade de dispoñer de imaxes da obra xa instalada, nesta ocasión o catálogo publicarase con posterioridade á data de inauguración.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

xoves **25 de novembro**

17.00 Conferencia de Ángela de la Cruz

Facultade de Belas Artes de Pontevedra

20.00 Visita guiada ao Espacio Anexo por parte da artista para membros da Agrupación de Amigos do MARCO

¿QUE É O ESPACIO ANEXO?

Con "ÁNGELA DE LA CRUZ", o MARCO inaugura o programa de exposicións do Espacio Anexo, unha sala de proxectos coas súas características e elementos distintivos, que funcionará como contrapunto da programación expositiva do edificio principal.

Mais aló de cada unha das mostras, o Espacio Anexo pódese considerar en si mesmo como un proxecto global, un complemento da programación das grandes salas da planta baixa e do primeiro andar, baseado en programacións necesariamente diferentes.

Esta nova liña de programación do museo, cunha previsión que inclúe cinco exposicións ao ano, responde á necesidade de apoiar a produción de exposicións de novos artistas galegos, facilitando a creación de obras que en moitas ocasións non se poderían levar a cabo sen a axuda dunha institución. Por outra banda, procúrase tamén a promoción e difusión da obra destes artistas a través da publicación dun catálogo monográfico que sirva para dar a coñece-lo seu traballo alén das nosas fronteiras. As salas deste espacio, de acceso gratuito, estarán destinadas á produción de obra *in situ* de artistas emerxentes do ámbito local e autonómico.

A idea é confrontar a novos creadores coas particularidades deste espacio (un edificio exento, situado nunha zona peonil, e cunha superficie total de aproximadamente 100m²), estimulándoos a producir obras concibidas especificamente para este ámbito, o que pode constituír un reto e presentar problemas diferentes aos dunha sala máis convencional. Precisamente unha das peculiaridades do Anexo consiste no feito de estar situado en medio dunha área de libre circulación de viandantes, coa posibilidade que isto supón de se converter nun espacio "escaparate" vertido cara ao exterior.

Con este programa, o MARCO pretende cubrir un tipo de programación expositiva de suma actualidade, dando cabida a un tipo de exposicións puntuais, que non precisan de grandes inversións ou espazos, e que pola súa frescura e novidade non poden someterse aos ritmos de preparación, produción e montaxe dunha programación museística a longo prazo. Un tipo de proxectos innovadores que adoita ser moi popular entre o público novo pola inmediatez das obras expostas e a radicalidade das propostas. Sen lugar a dúbidas, este é un dos programas máis axeitados para un museo de arte contemporánea dunha cidade nova como Vigo.

Por outra banda, o inicio desta liña de programación supón unha grande oportunidade cara á formación de persoal especializado. En España a programación dos museos confíase na maioría dos casos a comisarios externos, mentres que a tendencia noutros países é a de xerar estruturas internas de investigación e produción. A participación directa dos artistas na produción das exposicións, en estreita colaboración co persoal do museo, é un dos fundamentos deste novo proxecto. As exposicións do Espacio Anexo serán de produción propia, polo que o persoal do MARCO se encargará directamente do comisariado, coordinación, montaxe, edición do catálogo, etc. Nesta ocasión, e como persoal de apoio para a produción das obras de Ángela de la Cruz, contouse coa colaboración dun grupo de alumnos dos últimos cursos da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo.

Como testemuña documental de todo o proceso, cada mostra irá acompañada dun catálogo con fotografías do proceso de produción e instalación, co que se completa o labor de apoio aos artistas. O resultado será unha colección que levará por título "Espacio Anexo" e da que se editarán cinco catálogos ao ano, un por exposición. Os catálogos incluírán notas biográficas e textos de presentación do comisario e/ou de cada artista, como fonte de información de primeira man para un mellor achegamento á obra.

“A primeira vez que cortei aquel lenzo, en 1996, colgueino nun recanto e transformouse nunha especie de obxecto animado, pero mantendo tódalas características da pintura. A obra chamábase ‘Ashamed’ (Avergonzada). De xeito que, aínda que a pintura tiña adquirido esta calidade de obxecto, seguía sendo pintura. É moi importante que a pintura se manteña dentro dos parámetros de la tradición; doutro modo non tería significado. O que eu intento é investigar a linguaxe da pintura”.

Ángela de la Cruz



Secuencia de imaxes do proceso de produción das obras de Ángela de la Cruz para o MARCO nas instalacións do IFEVI, Instituto Feiral de Vigo, en Cotogrande.

Vigo, agosto 2004

SÍNTESE DO PROXECTO EXPOSITIVO:

"Ata agora, o meu traballo consistiu en varias liñas de investigación pictórica moi definidas que se poden agrupar dentro das seguintes categorías: *Everyday Paintings* (Pinturas do cotián), que interactúan con outras obras para crear pinturas-objeto; *Site-specific Paintings* (Pinturas para un espazo concreto), que abandonan o plano vertical tradicional e a presentación moderna da pintura greenbergiana; *Commodity Paintings* (Liña básica: *Ready-to-Wear*, *Loose Fit* e *Minimum*), que salientan os conceptos de serie e repetición; *Recycled Paintings* (Pinturas recicladas), que reutilizan o bastidor ou o lenzo ata o infinito pintando sobre pintado a partir doutras pinturas; e *Still-life Paintings* (*natura morta*), que incorporan un obxecto.

As *Still-life Paintings* e *Recycled Paintings* constitúen a base dunha nova linguaxe, baseada no apropiacionismo na pintura: as obras son autoreferenciais e son conscientes da historia da pintura. Obras e obxectos aparecen distorsionados, inseridos un no outro, ou impulsados por outros traballos.

A última obra, *Clutter* (amoreamento), volve a introduci-lo uso do aluminio e dos obxectos de metal; os marcos metálicos convértense en contedores doutras pinturas; os lenzos transfórmanse en algo así como contedores de restos para reciclar.

Neste proxecto para o MARCO, volvo a considerar dous conceptos de obras anteriores: *Larger than Life* (Máis grande ca vida), que se presentou por vez primeira en 1998, e *Stuck* (Incrustado), de 2001. Durante os últimos anos, o meu traballo reflexiona sobre a "acumulación" de pinturas e o exceso de produción que, convertido en obra individual, adquire singularidade. *Larger than Life* (2004) e *Stuck* (2004) comparten similitudes conceptuais, se ben teñen máis que ver coa singularidade e a expresión que cos traballos en serie.

Ámbolos dous traballos fan referencia ao espazo. Son "site-specific", producidos especificamente para este espazo en concreto. O primeiro encáixase no seu interior e, a un tempo, ao facelo excede os límites do Espacio Anexo; o segundo incrustase no oco que dá acceso á máis pequena das dúas salas, sen poder entrar ou saír do espazo.

O Anexo ou sala de proxectos é un espazo situado na praza peonil posterior do museo, que un podería considerar como un "engadido". A idea de utilizalo como "contedor" de obras está vencellado a temas presentes nos meus traballos, como *Parasite* (Parasito, 1998) ou *Clutter* (Amoreamento, 2003); nestes casos, unha pintura contén outras. Deste xeito, arquitectura e pintura fúndense nunha única peza. O resultado final será un espazo-pintura transformado nun espazo-objeto de natureza parasitaria onde ambos anulan os seus roles tradicionais.

A cor e a escala utilízanse tamén para representar a tradición pictórica e a arquitectura. A cor é un elemento importante nestas obras, xa que fai referencia á pintura histórica española, e á identidade do propio Espacio Anexo".

Ángela de la Cruz, 2004

DATOS BIOGRÁFICOS:

Ángela de la Cruz (A Coruña, 1965), galega de nacemento, leva máis de quince anos residindo no Reino Unido. Despois de ter realizado estudos de Filosofía na Universidade de Santiago de Compostela, trasládase a Londres, onde cursa estudos en diversas escolas de arte (Chelsea College of Art; Goldsmith's College; Master en Escultura e Teoría da Arte en Slade School of Art) e comeza unha prometedora carreira artística, que lle levou nos últimos anos a ser considerada unha das artistas máis interesantes da súa xeración. Na actualidade vive e traballa en Londres, e desenvolve actividades docentes na Chelsea School of Art, The Ruskin School, Oxford University.

Ángela de la Cruz ten exposto a súa obra por moitos países, pero a súa presenza en España foi moi limitada, e a mostra do MARCO supón a súa primeira exposición individual no ámbito español. Con ela continúa os seus proxectos para este ano 2004, no que, tras unha interesante proposta nun dos *project room* de ARCO'04, foi seleccionada para participar en "Manifesta" –que nesta edición tivo como sede a cidade de San Sebastián– e no Forum Barcelona 2004. No mes de xuño deste ano inaugurou a súa primeira exposición individual na mítica Lisson Gallery de Londres, a galería que actualmente a representa, xunto coa Galerie Krinzinger de Viena e Anna Schwartz Gallery de Australia.

Exposicións individuais:

- 2005 Anna Schwartz Gallery, Sidney, Australia (*en preparación)
Loushy Art & Editions, Tel Aviv, Israel (*en preparación)
- 2004 MARCO, Museo de Arte Contemporanea de Vigo, España
Lisson Gallery, Londres
Nicolas Krupp Gallery, Basilea, Suíza
Project room, ARCO 2004, Madrid
- 2003 Galleri Bouhlou, Noruega
"Clutter", Galerie Krinzinger, Viena
- 2002 Anna Schwartz Gallery, Melbourne, Australia
"Prop", Sturegallerian, Estocolmo, Suecia
Wetterling Gallery, Estocolmo, Suecia
Perth International Arts Festival, The Church Gallery, Perth, Australia
- 2001 Anthony Wilkinson Gallery, Londres
- 2000 John Weber Gallery, Nova York, EEUU
- 1999 "Everyday Painting", Galerie Krinzinger, Viena
"One Painting", Lift Gallery, Londres
- 1998 "Larger Than Life", The Ballroom, Royal Festival Hall, Londres
"Everyday Painting", Anthony Wilkinson Gallery, Londres
"4xSolo", De Markten, Bruxelas, Bélxica
"Everyday Painting", John Weber Gallery, Nova York, EEUU
- 1997 Galerie In Situ, Aalst, Bélxica
- 1993 Untitled, Premises, Hackney, Londres

Proxectos:

- 2003–4 "9 Multiples" Loushy Art Projects, Tel Aviv, Israel
- 2002 "Prop", Sturegalleri, Estocolmo, encargo de la Wetterling Gallery, Suecia
- 2001 Montaje escénico "At Any Time - New Work", Ballet Rambert, en Lindbury Studio, Royal Opera House, Londres. Coreografía de Rafael Bonachela
- 1998 "Larger Than Life", The Ballroom, Royal Festival Hall, Londres

Exposicións colectivas (selección):

- 2004 Forum Barcelona, España
Tanya Rumpff Gallery, Haarlem, Holanda (*en preparación)
Manifesta V, San Sebastián, España
"Escape Velocities", Spital Space, Londres
- 2003 "Tra Est e Ovest - Galerie Krinzinger", GAS Art Gallery, Turín, Italia
"Wetterling 1978-2003", Wetterling Gallery, Estocolmo, Suecia
- 2002 "Eva Schlegel & Friends", Gallerie 422, Gmunden, Austria
"Four Women and a Pregnant Man", Galleri MGM, Oslo, Noruega
"Life is Beautiful", Laing Art Gallery, Newcastle
"Sitting Tenants", Lotta Hammer, Londres
- 2001 "Melancholy" Sunderland, Reino Unido
"Ingenting" (Nothing: Exploring Invisibilities), Rooseum, Malmo, Suecia
"Nothing: Exploring Invisibilities", Mead Gallery, University of Warwick, Reino Unido
"Makeshift", University of Brighton Gallery, Brighton, Reino Unido
- 2000 "Landscape", Barbara Gillman Gallery, Miami, EEUU
"3 Rooms", Anthony Wilkinson Gallery, Londres
"The Wreck of Hope", The Nunnery, Londres
"Point of View I/II", Richard Salmon Gallery, Londres
"Art for the 21st Century", John Weber Gallery, Nova York
- 1999 "My Old Man Said Follow the Van", Rosemary Branch, Londres
"Aktuelle Kunst", The Water Tower, Vlissingen, Holanda
John Moores 21, Walker Museum & Art Gallery, Liverpool
"Getting the Corners", Or Gallery, Vancouver, Canadá
"Transgressions and Transformations" Yale University, New Haven, EEUU
"Europe on a Shoestring", John Weber Gallery, Nova York
French Institute, Viena
"Peinture sur PEINTURE", Salle de Bal, Viena
"54x54", MOCA, Londres
- 1998 "UK Maximum Diversity", Atelierhaus der Akademie der bildenden Künste, Viena
"Contemporary Women Painters", The Hillwood Art Museum, Brookville, Nova York
"Speed", The New Langton Arts Centre, San Francisco, EEUU
"Destroyer/Creator", John Weber Gallery, Nova York
- 1997 "Dissolution", Laurent Delaye Gallery, Londres
"Fasten Seatbelt", Galerie Krinzinger, Viena
"Shuttle", Anthony Wilkinson Fine Art, Londres
"Lineart", Galerie In Situ, Aalst, Bélxica
- 1996 "Stepping Out", 33 Great Sutton Street, Londres
"Abstract Eroticism", MOCA, "Art and Design", Academy Editions, Londres
- 1995 "Memory", Riverside Studios, Londres
- 1994 "Making Mischief", St James's Street, Londres
"Surface Tension", Curwen Gallery, Londres

SOLICITUDE DE MATERIAL GRÁFICO

EXPOSICIÓN INAUGURAL DO ESPACIO ANEXO DO MARCO

“ÁNGELA DE LA CRUZ”

MATERIAL GRÁFICO DISPONIBLE PARA A PRENSA:

CD con textos e fotos da exposición, en diferentes formatos.

SE DESEXA RECIBIR DOCUMENTACIÓN, CUBRA E ENVÍE ESTE DOCUMENTO POR CORREO ELECTRÓNICO , FAX OU CORREO POSTAL A:

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Rúa Príncipe 54
36202 Vigo (Pontevedra)

Departamento de Comunicación e Relacións Externas

Marta Viana Tomé
Pilar Souto Soto
Tel. +34 986 113908 / 113903
Fax +34 986 113901
marta.viana@marcovigo.com
pilar.souto@marcovigo.com

Prégase especificar o formato da imaxe, así como o medio de comunicación para o que solicita a documentación:

Formato desexado:		
Nome e apelidos:	Temas de interese:	Teléfono:
Cargo:	Enderezo:	Fax:
Medio de Comunicación:	Código postal e cidade:	Correo electrónico:
Sección/ Programa:	Enderezo alternativo:	Outros:

Solicitamos que remitan un exemplar da reseña que publiquen ao noso Departamento de Comunicación.